

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI113	<i>Expediente</i> CON/2/2015	<i>Fecha</i> 07-08-15 13:01

Número 18 .- Adjudicación do contrato de conexión exterior de instalacións existentes das redes e servizos campo de fútbol de Conxo.

Destinatario

15078DCMGZI113W



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 07 de agosto de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 18 .- ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONEXIÓN EXTERIOR DE INSTALACIÓNS EXISTENTES DAS REDES E SERVIZOS CAMPO DE FÚTBOL DE CONXO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, de data 16 de xullo de 2015, así como do informe favorable nº 2015/577, de data 31 de xullo de 2015, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora municipal.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Jorge Duarte Vázquez**, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito a vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Conexión exterior de instalacións existentes das redes e servizos campo de fútbol de Conxo" conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI113	<i>Expediente</i> CON/2/2015	<i>Fecha</i> 07-08-15 13:01

Primeiro: Con data 23-04-2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador *ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL*.

Segundo: Finalmente, con data 02-07-2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor de *ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL*, por un importe de 80.267,77 euros (IVE aparte 21%: 16.856,23 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 022 34200 62200."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor de *ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL*, por un importe de 80.267,77 euros (IVE aparte 21%: 16.856,23 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 022 34200 62200.

A Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda así mesmo, de conformidade coa proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, de data 30 de xullo de 2015, nomear como director do contrato

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ1113	<i>Expediente</i> CON/2/2015	<i>Fecha</i> 07-08-15 13:01

ao xefe do servizo de Proxectos e Obras, D. ENRIQUE SEOANE PRADO.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~



